



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

A Intelixencia Artificial vs a Igualdade de xénero Parte II: Riscos



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

A Intelixencia Artificial vs a Igualdade de xénero

Parte II: Riscos

Tras a parte I, dedicada a *Posibles Beneficios...*

Vexamos **os riscos** máis importantes (éticos ou morais) que poden derivarse do uso da I.A. relaciónanse, fundamentalmente cos malos usos ou os deseños defectuosos das dúas partes que se consideran esenciais neste tipo de tecnoloxía:

DATOS E ALGORITMOS.

Riscos	Nos datos	Nos algoritmos
Respecto á privacidade e á intimidade	Para aprender a recoñecer patróns (e tomar decisións) a IA necesita información (datos). Canta máis información, máis precisas serán as análises, os diagnósticos e as decisións. Pero recompilar información sobre determinados temas está prohibido e é estritamente persoal e privado (orientación e prácticas sexuais, datos de saúde...).	Aínda que parece que non ten aparencia de gravidade como os datos, aquí a clave está en atopar un equilibrio entre algoritmos transparentes, que, á vez, manteñan o respecto sobre cuestións que poderían supoñer intrusión na privacidade das persoas.
Nesgos	A IA manexa enormes cantidades de datos (bigdata): rexistros, das AAPP, cesións voluntarias, fontes de datos abertas.... E é posible comprar eses datos a empresas privadas. O problema: os datos nesgados dende o inicio, porque reflicten as discriminacións sociais (por exemplo, datos salariais: mulleres con salarios mais baixos que os homes, as predicións da IA seguirán esta tendencia).	Se non se programan medidas correctoras, é máis que posible que os algoritmos poidan afondar nas discriminacións producidas polos posibles nesgos nos datos.
Nesgos de xénero	A cantidade de datos manexada non sempre vai aparelada coa representatividade e diversidade destes (por exemplo, non incluír a determinados colectivos, con frecuencia, o feminino, que, cun % moito menor a nivel global	As persoas que deseñan os sistemas de IA poden envorcar os seus propios prexuízos na estrutura e as características (tanto no software como no hardware) da IA. Para mostra, asistentes dixitais que desenvolveron as compañías tecnolóxicas, con características femininas e que reproducen estereotipos de xénero. A diversidade nos equipos de deseño pode ofrecer

	<p>de acceso á tecnoloxía con respecto aos homes, non teñen posibilidade de xerar información/datos.).</p> <p>De aí a importancia de ter en conta a relación do xénero con outras variables como, por exemplo, a situación socioeconómica. Os datos deben reflectir esa complexidade.</p>	<p>novas perspectivas que permitan recoñecer os nesgos e traballar para corrixilos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ aumentar o nº de mulleres no equipo técnico ▪ o cambio de normas nas organizacións, que garantan que o colectivo feminino pode ter voz nas decisións. ▪ incluír persoas expertas en perspectiva de xénero nos equipos.
<p>Transparencia tendo en conta o secreto empresarial</p>	<p>Se os datos son máis transparentes, non será posible determinar con precisión a fonte e a orixe dos problemas (resultado: nesgos, falta de rendición de contas...).</p>	<p>Mellorar a transparencia debe ser unha das prioridades fundamentais de todas as organizacións que fagan uso da IA.</p>
<p>Rendición de contas, un dos maiores desafíos do uso da IA</p>	<p>Tarefas/persoas, pode non ser sinxelo determinar responsabilidades.</p> <p>Co uso da IA será moito máis complexo, aínda que existe certo consenso nos círculos de persoas expertas en IA de que, para render contas por decisións tomadas por estas tecnoloxías é indispensable que se cumpran dúas condicións: transparencia (punto anterior) e explicabilidade (punto seguinte).</p>	
<p>Explicabilidade</p>	<p>Refírese á capacidade para explicar por que se usaron uns datos e non outros; cales foron os criterios que se seguiron para a recolección dos datos, etc., para que as persoas teñan a posibilidade de entender os procesos de toma de decisións que lles afectan.</p>	<p>Igual que cos datos, as persoas teñen que ser capaces de comprender a cadea de “razoamentos” ou secuencia de regras que seguiu un algoritmo ata alcanzar unha decisión. Para iso, é preciso realizar procesos de “tradución” dos algoritmos, de maneira que poidan ser comprendidos pola maioría e por tanto, publicamente explicables.</p>

Tanto os Beneficios expostos na Parte I, como os riscos mencionados nesta Parte II, relacionados coa incorporación das tecnoloxías de IA, cando falamos do sector público, considéranse negativas ou positivas na medida en que estean (ou non) orientadas a mellorar o benestar común, cun aumento dos piares fundamentais da democracia: a xustiza e a igualdade, tendo en conta: por unha banda, a mellora dos niveis de eficacia e eficiencia, a predición de posibles problemas, a personalización dos servizos...e, por outra, evitar riscos, como a opacidade dos algoritmos, a presenza de nesgos, non respectar a privacidade...

Porque, como en moitos outros ámbitos, o desenvolvemento deste tipo de tecnoloxía (IA) non é neutro desde o punto de vista de xénero. E, como o xénero está presente no marco cultural da sociedade, tanto estereotipos como roles de xénero permean no deseño e implementación da tecnoloxía.

De aí a preocupación xeral (organismos internacionais, persoal investigador...) de facer fincapé nos riscos que supón a IA para evitar aumentar e/ou perpetuar as desigualdades xa existentes entre mulleres e homes.

Distintos equipos de investigación sobre a materia reflexionaron sobre elementos básicos relacionados coa *Intelixencia Artificial vs a Igualdade de xénero*:

- Os nesgos nos datos.
- Os nesgos nos algoritmos.
- O impacto diferenciado da tecnoloxía da IA na vida cotiá de mulleres e homes.

E destacan:

- A importancia e necesidade de incluír a perspectiva de xénero na IA. En todo o ciclo. Dende a idea e o deseño, pasando pola programación e a implantación. Sempre contextualizado.
- A necesidade de que os programas e sistemas de IA sexan transparentes, comprensibles, e capaces de render contas ás persoas e á sociedade.
- Ter en conta os límites do secreto industrial.

Conclusións

A IA ten o potencial de beneficiar significativamente a igualdade de xénero no lugar de traballo.

Pode axudar a crear lugares de traballo máis inclusivos se se enfocan a:

- Mellorar a inclusión
- Ampliar a diversidade
- Abordar o acoso
- Reducir os prexuízos (tanto na contratación como na promoción)
- Avanzar na conciliación corresponsable, para conseguir o equilibrio entre a vida laboral e persoal e reducir as diferenzas salariais entre homes e mulleres.

Pero... debe deseñarse e aplicarse con reflexión, análise e coidado para evitar os riscos destacados anteriormente. Para, como xa se sinalou, que as organizacións poidan asegurarse de que a IA non sirva para perpetuar os prexuízos existentes nin para crear outros novos.

Dúbidas? Contacta co persoal do noso Gabinete Técnico

igualdade@ceg.es